



A Educación Social en Galicia: desenvolvemento profesional, académico e científico

(Social education in Galicia: professional, academic and scientific development)

M. Belén CABALLO VILLAR

Universidade de Santiago de Compostela

Rita GRADAÍLLE PERNAS

Universidade de Santiago de Compostela

Laura VARELA CRESPO

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Este artigo realiza un percorrido histórico polo desenvolvemento profesional, académico e científico da Educación Social en Galicia como ámbito universitario especializado. A traxectoria académica da Educación Social na Universidade, cos precedentes na especialidade de “intervención socioeducativa” da Licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación (sección Pedagogía) da Universidade de Santiago de Compostela, transcorre á par dos esforzos realizados no mundo social, que intentaba profesionalizar as prácticas socioeducativas e acadar o recoñecemento de diversos “oficios”. A súa inmersión nas universidades galegas e o desenvolvemento científico da Pedagogía Social téñenlle outorgado un corpus epistemolóxico que se foi consolidando en diálogo co quefacer profesional. Os fitos da Pedagogía-Educación Social en Galicia evidencian que o compromiso político, ideolóxico e ético inherente a este campo de coñecemento e práctica profesional continúa resultando imprescindible para afrontar os retos de futuro, así como o traballo conxunto entre os espazos académicos e profesionais.

PALABRAS CHAVE: Educación social, pedagogía social, profesión, investigación socio-educativa, Galicia.

ABSTRACT: This article presents a historical account of the professional, academic and scientific development of social education in Galicia as a specialised university discipline. The academic trajectory of social education dates from the inclusion of ‘socio-educational intervention’ as a specialisation within the Bachelor’s degree in Philosophy and Education Science (Pedagogy) at the University of Santiago de Compostela and efforts to have the different socio-educational practices and occupations recognised as professions. The academic, scientific and professional development of social pedagogy has led to the consolidation of an epistemological corpus of its own. The milestones of social pedagogy and education in Galicia show that the political, ideological and ethical commitment inherent in this field of

knowledge and professional practice and the collaboration between academic and professional spaces remain essential to facing future challenges.

KEYWORDS: social education; social pedagogy; profession; socio-educational research; Galicia.

A construción da profesión en Galicia: un camiño colectivo

As educadoras e educadores sociais, como figura profesional, teñen os seus antecedentes nos denominados educadores/as especializados, animadores/as socioculturais, educadores/as de tempo libre e educadores/as de persoas adultas, que chegan a converxer coa aparición do título universitario que dá nome á profesión. A formación pedagóxica comezou en diferentes escolas e centros fóra da universidade, destacando entre outros (Caride, 2006, 2018): a Escola d'Educadors Especialitzats do Padroado 'Flor de Maig' e o Institut de Animació i d'Esplai en Barcelona; a Asociación para a Formación Social, o Centro de Investigación e Acción Cultural, e o Centro de Estudos do Menor en Madrid; varias escolas autónomas e municipais de Formación de Educadores, Animadores Socioculturais, Directores e Monitores de Tempo Libre, etc.

No contexto galego, destaca o Colectivo Galego de Promoción do Menor Inadaptado que —entre outras accións— promoveu o I Encontro Galego sobre Servizos Sociais para o Menor Inadaptado, celebrado en Santiago de Compostela no ano 1983; un encontro no que se asumiu a necesidade de crear unha escola galega de educadores especializados. Ata entón non se tiña valorado —nin recoñecido— o traballo educativo que se estaba a realizar en institucións específicas e en espazos da vida cotiá coa cidadanía, máis alá dos contextos escolares. Tras a aprobación do proxecto formativo e das pertinentes xestións, no curso 1983-1984 xorde a Escola Galega de Educadores Especializados en Marxinación Social, que centrou o seu labor en catro grandes liñas de actuación: a formación, a reciclaxe profesional, a constitución dun centro de debate, sensibilización pública, investigación e documentación, e a consolidación da profesión da educación especializada. Durante os cinco anos nos que permaneceu activa, ofreceuse unha formación integral cunha duración de tres cursos, chegando a formar ata tres promocións. O programa incidía en catro grandes áreas (Maroñas, 2018):

- Área teórica: articulada nos eixos disciplinares da Psicoloxía, da Socioloxía, da Pedagogía e dos Servizos Sociais.
- Área clínica: centrada na práctica comunicativa considerando a expresividade corporal, a dinámica relacional e grupal, a creatividade, a psicomotricidade, o psicodrama, etc.
- Área técnica (obradoiros): orientada á aplicabilidade de distintos recursos educativos para a intervención.
 - Área práctica: cun valor fundamental na formación. No primeiro curso as prácticas do alumnado tiñan unha duración dun mes (15 días en institución e 15 días en campamentos de verán); mentres que no segundo curso realizábanse tres

días á semana, e no terceiro curso, dedicábase —de forma exclusiva— o último cuatrimestre á realización destas prácticas.

Os primeiros estudantes desta Escola, animados por unha formación que abría as portas da educación aos colectivos en situación de marxinação social, sentíanse atraídos por unha experiencia pedagóxica que promovía a creatividade e os mantiña en acción sen descoidar as bases teóricas. Moitos deles percibiron estes inicios como un reto, asumindo a responsabilidade de que se (re)coñecera o seu traballo nas diversas institucións nas que realizaban as prácticas —naquel entón denominadas preprofesionais— coa ilusión de que a profesión saíra adiante. Unha das alumnas desta primeira promoción, Pilar Sabio,¹ destacaba que os principais desafíos daquel grupo de estudantes centrábanse en ensinarlle á xente que había unha profesión nova, ademais de mostrarlle á sociedade que se podía realizar unha intervención socioeducativa nas rúas e con colectivos diversos. A través das prácticas que desenvolvían ao longo dos tres cursos formativos, foron configurando unha identidade que lles posibilitaba “facer e que os demais os viran”; o que lles permitía sentirse responsables á hora de demostrar que esta forma de educar —da que estaban plenamente convencidos/as— pagaba a pena.

Debido ao limitado percorrido temporal da Escola e á falta de recoñecemento académico da súa titulación, un grupo de educadores e educadoras formadas na mesma —baseándose na traxectoria doutros territorios que si contaban cunha formación específica— animáronse a constituír no ano 1989 a Asociación de Educadores Especializados en Galicia (AESG), co gallo de obter un maior recoñecemento profesional e así garantir unha actuación educativa de calidade coa cidadanía. Unha asociación que se sumaba a outros intentos previos de asociacionismo, promovidos por grupos reducidos de educadores/as —vinculados/as ao traballo con infancia— que se reunían de forma voluntaria cos seus propios recursos, e que foron tecendo o ambiente propicio para a creación do Colexio profesional en Galicia no ano 2001.

O Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG) —inicialmente CEG— creouse no 1996 e foi, despois do catalán, o segundo dos colexios profesionais do Estado. O impulso da profesión a partir da implantación da Diplomatura en Educación Social nas tres universidades galegas, promoveu a creación —nunha Asemblea xeral da AESG no ano 1997— dun colexio profesional onde colaborasen os primeiros diplomados/as xunto cos educadores e educadoras que lideraban e exercían a actuación socioeducativa ata ese momento. A pesar de que o camiño non foi doado, no ano 2000 preséntase —para a súa aprobación— a proposta de Lei para a creación do CEESG no Parlamento Galego; tras múltiples reunións, toma de decisións e negociacións cos partidos políticos que tiñan representación parlamentaria. Os pasos que se seguiron foron os seguintes (Colexio de Educadores Sociais de Galicia, 2002):

¹ Intervención no documental: Xosé Bocixa (Dir.), *Fitos e feitos da Educación Social en Galicia*. (Santiago de Compostela: CEESG, 20¹⁷), Video.

- O 12 de maio de 1999, preséntase a solicitude de Creación do Colexio de Educadores/as Sociais de Galicia no Rexistro da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- O 23 de setembro de 1999 fíxose un acto de presentación pública da solicitude de creación da Lei do Colexio de Educadores/as Sociais de Galicia.
- O 18 de outubro de 2000 entra no Parlamento a proposta de Lei de creación do Colexio de Educadores/as Sociais de Galicia.
- O 22 de xaneiro de 2001, e despois de superar todos os trámites parlamentarios, apróbase por unanimidade a Lei do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.
- O 1 de febreiro de 2001 publícase no Diario Oficial de Galicia e entra en vigor.
- O 28 de abril de 2001 constitúese a Xunta Xestora do Colexio.
- O 11 de maio de 2001 apróbanse os Estatutos Provisionais pola Xunta Xestora.

Nos seus inicios, o Colexio galego contou co apoio e asesoramento do colexio catalán e da Federación Estatal de Asociacións Profesionais de Educadores Sociais (FEAPES), que axudaron a organizar o proceso, así como a deseñar estratexias que permitisen integrar aos recentemente titulados/as na universidade e aos educadores/as en activo que acreditasen unha traxectoria profesional consolidada. Para isto último, créase unha comisión de habilitación —integrada pola comisión xestora, representantes das tres universidades que impartían a Diplomatura en Educación Social e tres expertos designados por maioría dos anteriores— orientada a habilitar, se era procedente, a todas aquelas persoas no prazo que establecía a Lei. Os tres supostos, recollidos na Disposición transitoria segunda da Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, en relación á habilitación foron:

- a) Persoas que cursaran estudos específicos dun mínimo de tres anos académicos, iniciados antes do curso 1994-1995, e que xustificaran documentalmente tres anos de dedicación plena ou principal ás tarefas propias do/a educador/a social, nos doce anos anteriores á entrada en vigor da Lei. Considerábanse estudos específicos os realizados na Escola de Educadores Especializados en Marxinación Social e, no resto do Estado, os debidamente xustificados.
- b) Persoas que acreditaran titulación universitaria, licenciatura e/ou diplomatura, en estudos iniciados antes do curso académico 1994-1995, con tres anos de experiencia na profesión, con dedicación plena ou principal acreditada documentalmente dentro dos quince anos anteriores á entrada en vigor da Lei.
- c) Persoas que acreditaran oito anos de exercicio e dedicación plena ou principal en tarefas propias do educador/a social desenvolvidas nos vinte anos anteriores á entrada en vigor da Lei.

Ata o momento, na historia do colexio profesional a responsabilidade da dirección e administración do mesmo, así como a execución dos acordos tomados nas asembleas

xerais, ten sido asumida por seis Xuntas de Goberno. Desde a asemblea constituínte no ano 2003, o cargo de presidente/a recaerá en diversas xeracións de educadores e educadoras sociais, acompañados por equipas de colexiados/as que asumiron os cargos de Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e diferentes Vogalías. O primeiro presidente foi Alberto Fernández de Sanmamed Santos (2001-2007), que tamén asumiu a presidencia do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales, sucedéndolle na presidencia do CEESG María José Fernández Barreiro (2007-2011), Sofía Riveiro Olveira (2011-2014), Mónica Serrano Soto (2014-2018), Laura Vilaboy Romero (2018-2022) e Sonia González Rodríguez (2022-2026).

Tomando como referencia o monográfico de “Historia da Educación Social en Galicia” da revista do CEESG —*Galeduso* (número 12)—, os esforzos das equipas de goberno dirixíronse nun primeiro momento a traballar no recoñecemento profesional, intentando establecer contactos coas Administracións, dotarse dunha asesoría xurídica, poñer en marcha a revista *Galeduso*, mellorar a calidade das intervencións colaborando coas Universidades, ofertar formación continua, crear unha Secretaría técnica para atender as demandas das colexiadas e dos colexiados (Fernández de Sanmamed Santos, 2018), etc. A seguinte Xunta de Goberno continuou desenvolvendo estes primeiros desafíos, incorporando outros vencellados ao reforzo da área de comunicación (Fernández Barreiro, 2018) co fin de deseñar e poñer en marcha a páxina web do colexio, realizar un novo deseño de *Galeduso* reorganizando as seccións e promovendo unha maior calidade na edición, ademais de crear o espazo Dialoga con colexios de profesións afíns como o de Psicoloxía ou Traballo Social.

As sucesivas equipas de goberno realizaron outras achegas, como a creación da Comisión de Ética e Benestar Social, a posta en marcha do concurso de Traballos de Fin de Grao para o alumnado que presenta os seus traballos en lingua galega ou a creación dos Puntos de información colexial dinamizados polo estudantado do Grao das tres universidades galegas (Riveiro Olveira, 2018). A Xunta de Goberno do período 2011-2014, impulsou a creación de varios grupos de traballo que se ampliaron na seguinte lexislatura (Serrano Soto, 2018). Aos cinco que xa estaban funcionando —Fiadeiras (Igualdade), Geix (Maiores), Abeira (Familias), Eira (Desenvolvemento comunitario e educación ambiental) e Escravellando (Infancia e adolescencia)— engadíronse CEESG en Diversidade (Diversidade Funcional) e Miolo (Saúde). Posteriormente, sumárase o grupo de traballo sobre animación sociocultural e xestión cultural. Con perspectiva de futuro, contéplase a incorporación doutras temáticas, como as referidas á Educación Social na escola, a Educación Social nas prisións ou a renda básica universal.

Por último, na conformación do espazo profesional, é importante destacar a revista *Galeduso*, como “vía de expresión das educadoras e dos educadores sociais, fonte de intercambio científico e profesional, contedor de experiencias e boas prácticas na Educación Social, xerador de propostas reivindicativas de mellora no campo profesional e na sociedade no seu conxunto”.² O primeiro número saíra publicado en setembro do 2002,

² *Galeduso*: <https://ceesg.gal/a-profesion/>

antecedido dun número cero que viu a luz no mes de xullo dese mesmo ano. Desde os seus inicios, a revista foi un expoñente da colaboración constante entre a universidade e a profesión, cunha sección específica de investigación e outra de práctica profesional, nas que tanto o profesorado universitario coma os educadores/as sociais en activo asumiron un importante protagonismo no desenvolvemento da profesión mediante os seus escritos.

Na sección de investigación, nos seis primeiros números (do cero ao cinco) participaron académicos/as coma Xosé Manuel Cid (Universidade de Vigo), Ana Iglesias Galdo (Universidade da Coruña), José Antonio Caride (Universidade de Santiago de Compostela), Gonzalo Berzosa (Director do instituto de Xerontoloxía e Servizos Sociais), José García Molina (Universidade de Castilla-La Mancha) e Jesús Vilar (Universidade Ramón Llull), que foron abordando temáticas como: a animación sociocultural no ensino superior, o contacto do penal co educativo na xustiza de menores, os dereitos e deberes na Educación Social, a Educación Social e as persoas maiores, a profesión da Educación Social, etc. Nos primeiros seis números da sección de práctica profesional, incluíronse as experiencias de “Kamelamos Guinar (Queremos contar)”, “Programa muller”. Cáritas Diocesana Lugo, Xeneme. Empresa de iniciativa social, “Plan Galicia sobre drogas (2003)”, Galicia Acceder. “Programa de acceso ao emprego”, “Programa coaching-menores Lugo”. Un conxunto de iniciativas centradas en diversos ámbitos do quefacer profesional como a atención socioeducativa de colectivos específicos (poboación xitana, mulleres en risco, etc.), os servizos sociais, ou a creación de empresas de Educación Social.

Na segunda etapa da revista, artellada en números monográficos —agás o número 7—, continuou fortalecéndose o diálogo entre a academia e a profesión, en torno a temáticas como a acción socioeducativa con familias, infancia e adolescencias, saúde, igualdade, educación ambiental, persoas maiores, historia e antecedentes na praxe da educación social en Galicia e escola. A progresiva incorporación de educadores/as sociais titulados aos corpos de profesorado universitario das tres universidades galegas ten reforzado estes vencellos, promovendo —xunto con profesorado vinculado á titulación de Educación Social desde a orixe da Diplomatura— a colaboración constante na organización de seminarios, xornadas, congresos, encontros, etc. Ademais, continúa traballándose na promoción de estratexias de co-investigación que permitan superar algunhas das limitacións que obstaculizan o avance da Educación Social, como a escasa sistematización das prácticas profesionais ou a tradicional distancia entre os proxectos de investigación do marco académico e os intereses e necesidades do campo profesional.

O percorrido académico e científico da Educación Social en Galicia

A traxectoria académica da Educación Social na Universidade transcorre á par dos esforzos realizados desde o mundo social, no que se intentaba profesionalizar as prácticas socioeducativas e acadar o seu recoñecemento, de aí que o desenvolvemento académico e científico non poda desligarse da consolidación da profesión en Galicia.




Gráfico 1. Fitos profesionais e académico-universitarios da Educación Social en Galicia³

En Galicia, os antecedentes académicos situámoslos na Universidade de Santiago de Compostela (USC), único centro de formación superior nesta Comunidade Autónoma⁴ por aquel entón. A Licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación (sección Pedagogía) iniciaba no curso 1983-1984 a especialidade en "Intervención socioeducativa" que incluía catro materias: Educación Ambiental e Planificación educativa en cuarto curso, e Pedagogía Social e Psicoloxía Social da Educación, no quinto e último desta carreira universitaria. Este itinerario, que comezou con moi pouco alumnado, axiña foi collendo forza, despertando o interese do estudiantado e fortalecéndose desde a investigación. De aí que, nesta Comunidade Autónoma, poda considerarse como o xerme da Diplomatura en Educación Social; unha titulación que chegará da man do Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto, polo que se establece o Título Oficial de Diplomado en Educación Social (BOE do 10 de outubro de 1991).

A implementación da Diplomatura en Educación Social no curso 1994-1995 na USC e no curso 1995-1996 na Universidade da Coruña (UDC) e na de Vigo (UVigo) supuxo ofrecer as condicións para unha formación máis sistemática e rigorosa, incorporar unha maior clarificación conceptual e científica, abrir e reforzar liñas de investigación, así como contribuír a regulamentar e dignificar a profesión (Ortega, 1999).

Transcorrida algo máis dunha década, e no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, a formación en Educación Social pasa a ser un Grao Universitario,⁵ o que conlevou un incremento do rango académico desta formación e a posibilidade de acceso directo das educadoras e educadores sociais á formación de máster e aos programas de douto-

³ En cor azul sitúanse os fitos da profesión e en cor laranxa os referidos ao marco académico-universitario.

⁴ O Parlamento Galego aproba no ano 1989 a Lei 11/1989, de 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (DOG, 16 de agosto), polo que se crean as Universidades de Vigo e A Coruña, conformando o que se denominará Sistema Universitario Galego (SUG).

⁵ Nas tres universidades do SUG o Grao en Educación Social implántase no ano 2009-2010.

ramento, sen a necesidade de cursar una formación complementaria dunha licenciatura en Pedagogía ou Psicopedagogía, como sucedera ata entón. Estamos, pois, ante un fito histórico, xa que por primeira vez educadoras e educadores sociais podían implicarse no ámbito da investigación, incorporando novos puntos de vista e reforzando as oportunidades de conexión social e de coinvestigación con diferentes axentes do territorio. En definitiva, comezaron a ser parte activa dos procesos de transformación social promovidos desde a investigación aplicada que xa se iniciara desde a especialización en Pedagogía Social.

Para o desenvolvemento académico e científico da Pedagogía-Educación Social foron fundamentais varios espazos de traballo colaborativo, así como publicacións periódicas especializadas que axudaron a visibilizar este campo de coñecemento. Entre eles, cómpre destacar os *Seminarios Interuniversitarios de Pedagogía Social* que comezaron a celebrarse no ano 1981 como foros de debate sobre diferentes temas e problemáticas vinculadas ao desenvolvemento académico, científico e profesional da Pedagogía-Educación Social. Na actualidade seguen mantendo este propósito, aínda que teñen ampliado notablemente o seu carácter internacional e os vencellos co ámbito profesional. Das trinta e catro edicións celebradas ata o ano 2022, en Galicia tiveron lugar as seguintes:

1982: *II Encontro Internacional de Socioloxía da Educación e Pedagogía Social. "Autonomías e Educación"* (Universidade de Santiago de Compostela).

- 1987: *IV Xornadas de Pedagogía Social. Deseño curricular —conceptual e profesional— en Pedagogía Social* (Universidade de Santiago de Compostela).
- 2000: *XV Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social. Educación Social e políticas culturais*, convocado conxuntamente polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, tendo como sedes Santiago e Pontevedra.
- 2007: *XXI Seminario interuniversitario de Pedagogía Social. Educación Social, animación sociocultural e desenvolvemento comunitario*, promovido colaborativamente pola Universidade de Vigo (campus de Ourense) e a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, e celebrado en Allariz (Ourense) e Chaves (Portugal).
- 2021: *XXXIII Seminario interuniversitario de Pedagogía Social. Educación ambiental e cultura da sustentabilidade: construíndo a transición ecolóxica*, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e celebrado no campus da cidade de Lugo.

Para o desenvolvemento da Diplomatura en Educación Social, no marco estatal resultaron especialmente relevantes as VII Xornadas Nacionais de Pedagogía Social, que abordaron a "Diplomatura en Educación Social: aspectos curriculares", organizadas pola Universidad de Sevilla e celebradas no ano 1991, coincidindo coa aprobación do Título Oficial desta Diplomatura. Tamén o X Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social, en 1995, na Universidad Complutense de Madrid, co título "El educador social. Líneas de formación y actuación". A eles súmase o XIV Seminario, celebrado en Burgos no ano 1999 para analizar o Prácticum en Educación Social.

No seu conxunto, estes seminarios permiten constatar a consolidación da Pedagogía-Educación Social nun proceso de institucionalización académica que resulta clave para a construción do coñecemento científico, a profesionalización e a proxección social desta disciplina.

O segundo dos espazos académicos colaborativos que contribuíron decisivamente ao avance da Pedagogía-Educación Social é a *Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social* (SIPS) ⁶, na que Galicia tamén ten un papel destacado. Coa denominación inicial de Sociedad Ibérica de Pedagogía Social, ve a luz a inicios do ano 2000 nun encontro informal en Santiago de Compostela, e formaliza os seus estatutos e elixe o seu primeiro consello executivo en Pontevedra, no marco do xa mencionado XV Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social.⁷ Tamén neste Seminario se acordou adscribir *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria* ⁸ á SIPS como órgano oficial de difusión, logrando a indexación na base de datos Scopus no ano 2018.

Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria é, pois, o terceiro dos alicerces do quefacer colectivo desde a academia para consolidar a Pedagogía-Educación Social como ámbito científico, disciplinar e profesional. O seu primeiro número publícase no ano 1986 e, a día de hoxe (con 16 números na súa primeira etapa, 13 na segunda e 28 —ata o momento— na terceira), constitúe a publicación periódica con maior consolidación no campo da Pedagogía-Educación Social, non só en España, senón tamén no contexto internacional. Na súa primeira etapa, que abrangue desde a data de creación ata o ano 1998, trátase de conformar monográficos, pero os números resultan desiguais na súa extensión, profundidade de análise e distribución de contidos. Na segunda etapa (1998-2006) avánzase na sistematización dos apartados da revista, explícanse mellor os criterios de publicación, incrementáanse as esixencias formais, o rigor dos contidos e a calidade xeral das contribucións. A terceira das etapas, iniciada no ano 2007, supón a consolidación definitiva da revista e a mellora progresiva na súa internacionalización e indexación en diferentes bases de datos.

A esta revista fóronse sumando outras como *Claves en Educación Social*; *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*; *RES. Revista de Educación Social*; ou números monográficos en publicacións de carácter pedagóxico como *Bordón. Revista de orientación pedagóxica*; *Educar*; *Temps d'Educació* ou *Revista Española de Pedagogía*.

No caso de Galicia cómpre destacar a *Revista Galega de Educación*,⁹ do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. En diferentes momentos ten dedicado números monográficos á Pedagogía-Educación Social, incorporando habitualmente unha sección co título “Educación Social”. Esta sección ten contribuído á recollida de experiencias relevantes e á sistematización de iniciativas promovidas por educadores e educado-

⁶ Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social: <https://sips-es.blogspot.com/>

⁷ Historia da SIPS: <https://sips-es.blogspot.com/p/historia.html>

⁸ Pedagogía Social. Revista interuniversitaria: <https://recyt.fecyt.es/index.php/PSRI>

⁹ Revista Galega da Educación: <https://rge.gal/>

ras sociais no marco escolar en Galicia. Nela téñense publicado iniciativas desenvolvidas en escolas galegas de diversos municipios rurais e urbanos en torno á coeducación, participación da infancia, educación para a saúde, etc., que reforzan a visión da institución escolar como un espazo socioeducativo no que a Educación Social desempeña unha función mediadora fundamental para a mellora da relación familia-escola e a articulación das relacións coas comunidades locais.

No devir temporal, a SIPS, outras redes de investigación temática que abordan ámbitos da Pedagogía-Educación Social, así como revistas científicas e de divulgación do coñecemento socioeducativo, se teñen constituído en espazos clave para fortalecer e visibilizar o labor dos equipos de investigación no eido pedagóxico-social.

A investigación en Pedagogía-Educación Social en Galicia

No caso de Galicia, o primeiro grupo de investigación especializado no campo da Pedagogía Social foi creado na Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa denominación de *Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea)*,¹⁰ baixo a coordinación do profesor José Antonio Caride Gómez. Ata o momento, segue sendo o único nesta Comunidade Autónoma que identifica a “Pedagogía Social” como sinal de identidade na súa denominación.

No seu Proxecto de Cátedra, o profesor Caride expón que o devandito equipo se formaliza no ano 1988, momento no que a USC promove un proceso de rexistro dos equipos constituídos nos diferentes Departamentos. Recoñecido naquel momento co código 031-3 (Vicerreitorado de Investigación e Terceiro Ciclo, 2000), o equipo estaba adscrito ao Departamento de Teoría e Historia da Educación e integrábano oito investigadores (tres profesores titulares de Universidade, unha profesora interina, unha axudante, un asociado e dous bolsellos). Organizaba o seu labor en torno a cinco liñas de traballo: educación e desenvolvemento social no medio rural; intervención socioeducativa na administración local; análise do sistema educativo en Galicia; Pedagogía ambiental e educación ambiental; e Tempos educativos e sociais.

No ano 1999, co novo Catálogo de Grupos de Investigación da USC, *SEPA-interea* pasa a ser identificado como GI-1447. Nestes case vinte e cinco anos de andadura ten ampliado notablemente o número de integrantes, consolidado e diversificado as liñas de investigación, intensificado as súas colaboracións e participación en redes científicas, incrementado o número de convenios e contratos, así como a investigación competitiva no ámbito nacional e internacional, ata o punto de ser recoñecido—ininterrompidamente desde o ano 2006— como Grupo de Referencia Competitiva na área de Ciencias Sociais e Xurídicas no Sistema Universitario Galego.

No actual mapa universitario de Galicia constátase o incremento do interese dos diferentes equipos de investigación polo campo de coñecemento da Pedagogía-Educación Social. Na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña iden-

¹⁰ Grupo de investigación SEPA-interea: <https://sepa.gal/>

tifícanse dez grupos de investigación adscritos aos Departamentos de Pedagogía e Didáctica e de Didácticas específicas; deles, cinco incorporan algunha ou algunhas liñas de traballo do campo da Educación Social. Aínda que en todos os casos predomina a orientación escolar, atopamos liñas como “políticas locais, educación e deporte”, “xustiza social e ambiental”, “educación para o lecer e o benestar” ou “atención á diversidade e inclusión socioeducativa”, que avanza cara a unha mirada social dos fenómenos educativos.

A Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo —campus de Ourense— conta con tres equipos que incorporan liñas de investigación situadas nos ámbitos da Educación Social; se ben están adscritos ao Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, ou ao de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación. Globalmente, ao igual que no caso da UDC, predominan as liñas centradas na educación escolar, pero identifícanse ámbitos clásicos da Educación Social como “pedagogía e educación do ocio e tempo libre”, “envellecemento activo e saudable”, “educación ambiental” ou “inadaptación social”.

A Universidade de Santiago de Compostela conta cun percorrido histórico máis dilatado, polo que se constata unha maior densidade de grupos de investigación no campo educativo. Con sede na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Santiago de Compostela —onde se imparte o Grao en Educación Social— contabilízanse dous grupos adscritos ao Departamento de Didácticas aplicadas e once ao de Pedagogía e Didáctica. Deles, seis incorporan algunha ou varias liñas de estudo situadas no ámbito da Pedagogía-Educación Social. A modo de exemplo, identifícanse “Smart cities e traballo comunitario”, “Inclusión socioeducativa e contextos rurais”, “Educación non formal e empregabilidade” ou “Inclusión socioeducativa”.

Unha análise global das liñas de traballo dos equipos galegos de investigación en educación nas Facultades nas que se imparte o Grao de Educación Social, permite avanzar que os ámbitos da Pedagogía-Educación Social que a día de hoxe teñen maior presenza son os de “Educación e mediación para a inclusión social”, seguido por “Educación do ocio, animación e xestión cultural”, “Educación familiar e desenvolvemento comunitario” e “Educación ambiental”.

A pesares de que en boa parte dos grupos —especialmente naqueles que se sitúan no campo das didácticas xerais, específicas ou aplicadas— se identifican desaxustes entre as liñas que se indican (incorporando algunha cun enfoque social) e as palabras clave e/ou oferta científica (que se centra única e exclusivamente no sistema escolar), evidénciase que cada vez hai unha maior conciencia da necesidade de abrirse á perspectiva social da educación.

Unha investigación científica na que proliferaron os estudos realizados nos diferentes ámbitos nos que se concreta a Pedagogía-Educación Social; mais cómpre sinalar que, aínda que existen rexistros que evidencian a investigación —a modo de Teses Douto-rais— de maneira incipiente a comezos dos anos ’80, non será ata a década dos anos 2000 cando se constate un alto nivel de investigación relacionada cos distintos ámbitos




Gráfico 2. Liñas dos grupos de investigación e ámbitos da Pedagogía-Educación Social

da Pedagogía-Educación Social, ao compás da implementación —e consolidación— da Educación Social como titulación universitaria.

Unha aproximación temática aos ámbitos da Educación Social desde as Teses de Doutoramento

O auxe da Pedagogía-Educación Social no campo académico impulsou o desenvolvemento da investigación en diferentes ámbitos de estudo e intervención, a través de proxectos competitivos e de convenios con entidades e Administracións Locais; unha investigación que tamén estivo protagonizada polas Teses de Doutoramento que se foron defendendo desde a implementación da Diplomatura no ano 1994 ata o 2022; sendo a última década a máis prolífica.

A análise da realidade galega mostra a evolución das temáticas de estudo —desde as tradicionais da acción socioeducativa a outras emerxentes— e o progresivo incremento de doutores que teñen vinculado as súas Teses de doutoramento a ámbitos de acción-intervención propios da Educación Social.

Para a busca de información das teses, empregáronse diferentes criterios e/ou variables. Así, o primeiro estableceu unha delimitación temporal situando o punto de partida no ano 1994, coincidindo coa data na que se iniciaba a Diplomatura de Educación Social nos estudos universitarios en España. Un segundo criterio atendeu á identificación de doutores (en calidade de posibles directores) das tres universidades do Sistema Universitario Galego vinculados á área de Teoría e Historia da Educación —por ser a que ten un maior encargo docente e investigación de carácter socioeducativo no Grao en Educación Social— no curso 2022-2023, a fin de realizar unha busca avanzada na base de datos TESEO do Ministerio de Universidades.¹¹

¹¹ Consulta base de datos TESEO: <https://www.educacion.gob.es/teseo/irGestionarConsulta.do>

A definición destes criterios conformou unha mostra inicial de 38 doutores e doutoras do Sistema Universitario Galego (SUG), concretamente 6 da Universidade da Coruña (UDC), 19 da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 13 da Universidade de Vigo (UVigo) pertencentes a este área de coñecemento. Así, atendendo á delimitación temporal indicada, esta procura arroxou un total de 125 teses doutorais defendidas entre os anos 1994 e 2022. Non obstante, conséntase un reparto desigual entre as tres universidades, sendo a USC —con maior percorrido histórico— a que acredita un volume máis elevado de Teses Doutorais defendidas neste período (100), seguida pola UVigo (19) e a UDC (6). Do mesmo modo, evidénciase que —a medida que se incrementaba o elenco de doutores nas diferentes universidades— o número de teses codirixidas aumentaba, resultando un total de 25 na USC e unha na UVigo.

Esta delimitación temporal contemplaba dous períodos concretos, coincidentes —por outra parte— co inicio da Diplomatura en Educación Social (1994) e a súa posterior transformación en Grao (2010). Así, no primeiro período analizado —comprendido entre 1994 e 2010— defendéronse un total de 39 teses doutorais; unha cifra que se incrementou notablemente (87) nos últimos 11 anos, en converxencia coa consolidación dos estudos de Grao en Educación Social.

Un volume de estudos que é necesario tipificar atendendo aos diferentes ámbitos de investigación e/ou especialización nos que se foron (con)centrando, a fin de identificar as temáticas obxecto de estudo, pero tamén para analizar e valorar como foron variando estas investigacións ao compás do recoñecemento —e a consolidación— dos distintos ámbitos de acción-intervención socioeducativa ao longo destas décadas. Unha primeira clasificación atendería aos ámbitos que para a Educación Social aparecen recollidos no Libro Branco do Título de Grao en Pedagogía e Educación Social (Villa, 2005), e que poderían agruparse nos seguintes:

- a) Atención socioeducativa á diversidade
- b) Educación do Ocio, animación e xestión cultural
- c) Educación de persoas adultas e maiores
- d) Intervención socioeducativa en infancia e xuventude
- e) Educación familiar e desenvolvemento comunitario
- f) Educación e mediación para a inclusión social
- g) Educación ambiental

Así, e dado que esta clasificación non contempla algúns ámbitos que si aparecen recollidos na adaptación realizada por Caride (2003), partindo da elaborada por Gómez (2000), incorporáronse os seguintes:

- a) Educación cívico-social
- b) Formación laboral e ocupacional





Gráfico 3. Teses doutorais defendidas no SUG en ámbitos de acción-intervención propios da Educación Social

Con todo, esta proposta quedaría incompleta se non se integra un ámbito que —sobre todo nas últimas décadas— tivo unha máis que destacable irrupción no contorno da investigación e no contexto de desenvolvemento profesional dos educadores sociais, como é o (10) Ámbito escolar.

Unha análise rápida revela a concentración —no primeiro período— de Teses defendidas naqueles ámbitos nos que tradicionalmente desempeñaron o seu labor profesional os educadores e educadoras sociais; isto é: a Animación Sociocultural, a Educación de Persoas Adultas e o Desenvolvemento Comunitario. Sen embargo, a medida que se foron consolidando os ámbitos de acción-intervención socioeducativa, as temáticas obxecto de estudo tamén se foron diversificando.

Ademais, constátase o notable incremento da Educación Ambiental e a Educación do Ocio como ámbitos de estudo e/ou traballo nas últimas décadas, ao compás da preocupación polo cambio climático e as súas consecuencias no contexto socioeducativo, así como da importancia dunha educación para o ocio que posibilite un desenvolvemento integral e contribúa a mellorar a calidade de vida das persoas, especialmente no relativo á súa saúde física, mental e socioemocional.

Nesta análise tamén cómpre ter en conta a perspectiva de xénero, pois —considerando o rango temporal establecido— a maior parte das teses estaban dirixidas por homes; ao ser eles os que —con maior frecuencia— accedían á carreira docente e investigadora, así como a categorías profesionais máis altas. Así, do total de teses defendidas neste período (125 nas tres universidades galegas), tres profesores (un da Uvigo e dous da USC) acreditan a dirección do 61,6% destes traballos académicos; unha circunstancia que tamén revela o nesgo de xénero á hora de asumir esta tutela académica, máxime cando o 61,9% do profesorado son mulleres, fronte ao 38,1% de varóns.



Gráficos 4 e 5. Temáticas das Teses Doutorais na etapa da Diplomatura e do Grao en Educación Social

En relación ao xénero, cómpre dicir que hai máis mulleres (59,2%) que acadan o grao de doutor que os homes (40,8%); unha tendencia que se mantén nas tres universidades galegas. Sen embargo, e pese a maior porcentaxe de novas doutoras, esta cifra debería de verse notablemente incrementada, en concordancia co perfil feminino que tradicionalmente se matricula nas Facultades de Ciencias da Educación e, máis concretamente, no Grao de Educación Social.

Se se realizase unha análise máis detallada, obsérvase que as mulleres realizan unha escolla temática máis vinculada ao ámbito escolar —con 20 teses defendidas—, seguida do ámbito da formación laboral e ocupacional (con 11), e da atención socioeducativa á diversidade (10). Mentres que no caso dos homes, os ámbitos que aglutinan a maior parte dos estudos académicos, céntranse no ámbito escolar —con 11 teses defendidas—, a intervención socioeducativa en infancia e xuventude (7) e o ámbito da formación laboral e ocupacional (6)

A evolución experimentada nas últimas décadas no ámbito da investigación en Educación Social evidencia a amplitude, diversidade e complexidade das problemáticas que singularizan as realidades cotiás tanto das persoas coma das comunidades nas que se integran; uns temas-problema que serán abordados cunha mirada claramente feminina, non só pola elevada porcentaxe de alumnas que cursan o Grao, senón pola progresión, fortalecemento e consolidación das mulleres na carreira docente investigadora.

A modo de conclusión

A complexa natureza da Educación Social vaise conformando a través dun conxunto de procesos históricos, coas súas dificultades, inercias e resistencias, que configuran o tránsito dun compromiso voluntarista á conformación dunha profesión educativa (López Martín, 2022), cun longo pasado pero tamén cunha clara e esperanzada proxección de futuro. Se os inicios están marcados polos diversos “oficios” nos que se concretaba a Educación Social (educación especializada, educación de persoas adultas e animación

sociocultural), a súa inmersión nas universidades e o desenvolvemento científico da Pedagogía Social lle teñen outorgado un corpus epistemolóxico que —cada vez con máis intensidade— se vai consolidando en diálogo co quefacer profesional dos educadores e educadoras sociais. A día de hoxe, na Pedagogía-Educación Social resulta incuestionable a interacción entre os aspectos teórico-formativos e a práctica profesional, dado que a Educación Social vaise creando e recreando na súa propia praxe, tomando contacto con colectivos diversos nun contexto social no que as necesidades socioeducativas se van complexizando cada vez máis.

En Galicia, o colectivo de educadores e educadoras sociais ten desempeñado un papel destacado na configuración da profesión, representando os anos oitenta o punto álxido co desenvolvemento do movemento asociativo —coincidindo coa creación de asociacións de educadores especializados en todas as comunidades autónomas— e coa articulación dunha formación específica a través das escolas de educadores especializados, aínda que sen recoñecemento académico. No caso galego, a Escola Galega de Educadores Especializados en Marxinación Social, funcionou como unha “proto-facultade” (Maroñas, 2018), dando resposta ás eivas formativas dos profesionais do social e conformándose como un claro precedente formativo da profesión ata a chegada da titulación universitaria.

O esforzo profesionalizador tivo o seu fito fundamental coa creación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) no 2001, o segundo do contexto estatal despois do catalán. Tratábase dun desafío que viña (pre)ocupando a diversos colectivos de educadores e educadoras desde mediados dos anos oitenta e que se foi xestando a través de encontros e grupos de profesionais que de forma voluntaria intercambiaban as súas experiencias de traballo.

Será no 1995, coa celebración do I Congreso estatal do Educador Social en Murcia, cando se recoñeza a importancia de constituír os colexios profesionais, onde se puideran unir os/as profesionais que exercían nese momento e os futuros/as graduados/as. Segundo os Estatutos do CEESG, os fins do Colexio profesional se centran en: ordenar o exercicio profesional; representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión; cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de Educación Social; mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais dos/das colexiados/as, promovendo a súa formación e perfeccionamento; defender os intereses profesionais dos/das colexiados/as; velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía; así como promover o recoñecemento social e profesional da Educación Social. En consecuencia, o seu papel non pode quedar limitado á mera defensa corporativa, entendendo que os colexios profesionais deben asumir a responsabilidade de conformarse como interlocutores sociais das profesións (Sánchez Valverde, 2002), sen esquecer que unha das súas principais razóns de ser ten que ver coa mellora das condicións de vida das persoas. Tamén é esencial o diálogo coas institucións universitarias encargadas de formar aos futuros/as profesionais na procura da mellor formación para os titulados/as en Educación Social.

En Galicia, cos precedentes da especialidade de “intervención socioeducativa” da Licenciatura en Filosofía e Ciencias da Educación (sección Pedagogía), que no ámbito académico pode considerarse o xermolo da Diplomatura en Educación Social, o auxe da Educación Social e a configuración da Pedagogía Social como disciplina científica representaron o impulso definitivo para o desenvolvemento da investigación en ámbitos de acción-intervención socioeducativa de longo percorrido, axudando a cimentar as bases dunha práctica profesional desenvolvida con anterioridade.

A implantación da Diplomatura e, posteriormente, do Grao en Educación Social nas tres universidades galegas desenvolveuse ao compás do incremento da produción científica e do interese de diferentes equipos de investigación polo campo de coñecemento da Pedagogía-Educación Social, sendo as liñas de maior presenza as referidas ás temáticas de: mediación e inclusión; ocio e animación sociocultural; educación familiar; desenvolvemento comunitario e educación ambiental, estando cada vez máis presente á apertura dos grupos de investigación á perspectiva social da educación. Un avance investigador ao que tamén contribuíu a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social (SIPS), fundada en Santiago de Compostela, e que posibilitou a articulación dunha sólida rede de académicos/as e investigadores/as en Pedagogía Social a nivel estatal e iberoamericano. Desta Sociedade emerxeron proxectos de investigación conxuntos, publicacións coordinadas, congresos e seminarios científicos, etc., ao tempo que o seu principal medio de difusión —*Pedagogía Social. Revista interuniversitaria*— foi situando as temáticas de estudo centrais da axenda pedagóxico-social nas diferentes etapas.

A propia incorporación das persoas tituladas en Educación Social ao campo da investigación se ten incrementado desde que o Espazo Europeo de Educación Superior chegara ás facultades hai máis dunha década, ao obter os Graduados e Gradúadas en Educación Social acceso directo a estudos de máster sen ter que cursar unha formación complementaria. Co paso do tempo, tamén foron mudando as temáticas de estudo, de modo que as propias teses doutorais que nunha primeira etapa (ata o 2010) versaban sobre os ámbitos tradicionais do quefacer profesional (fundamentalmente animación sociocultural, educación de persoas adultas e desenvolvemento comunitario), foron ampliando as súas miradas a outros ámbitos de actuación e diversificando as temáticas de estudo. Ademais, desde os anos 2000,ponse de relevo como o ámbito escolar —tradicionalmente ligado á “educación formal”— vaise conformando nun tema chave de investigación desde o eido pedagóxico-social.

O incremento das teses de doutoramento vencelladas á función social da escola, a incorporación da temática escolar na revista do CEESG (*Galeduso*), a creación da sección de “Educación Social e Escola” na *Revista Galega de Educación*, e o incremento dos profesionais da Educación Social —que a través do seu labor de mediación como persoal dos servizos sociais municipais ou como profesionais de entidades sociais— acceden aos centros escolares galegos, poñen de manifesto que o tradicional enfoque desescolarizador da Pedagogía-Educación Social queda superado, tanto desde a práctica profesio-

nal —trala inmersión como axentes externos dos educadores/as sociais nas escolas¹² e o desenvolvemento das redes de traballo socioeducativo nos territorios— como desde o marco da investigación socioeducativa.

En suma, unha mirada ao pasado da Pedagogía-Educación Social no contexto galego permite constatar un notable avance nas súas posibilidades curriculares, de investigación así como de consolidación da profesión. Se ben é certo que aínda segue sendo necesario promover a investigación social liderada por educadores e educadoras sociais, a falta de tradición investigadora á que apuntaban Parcerisa e Usurriaga (2012) décadas atrás, como un dos grandes desafíos da Educación Social, ten experimentado notables melloras, non só tras o incremento de doutores/as cuxa formación inicial é o Grao ou Diplomatura en Educación Social, senón tamén co desenvolvemento de procesos de coinvestigación nos que a academia e profesión se entretecen en proxectos conxuntos. Desde a traxectoria do equipo de investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-*interea*) da USC, o primeiro en orientarse a este campo de estudo no contexto galego, se teñen constatado as posibilidades que ofrece a investigación aplicada e as iniciativas coinvestigativas no fortalecemento da relación entre a academia e a profesión (Caballo e Pose, 2012), entre elas, o enriquecemento teórico e o seu contraste coas experiencias prácticas, os debates coas persoas protagonistas, a observación de boas prácticas, etc. De aí a necesidade de continuar camiñando nesta dirección.

É por iso que, coincidindo con Úcar (2022), podemos afirmar que resulta moi difícil, por non dicir imposible, diferenciar ou separar nunha determinada acción socioeducativa o que corresponde especificamente á teoría e á práctica, porque ambas se nutren e enriquecen mutuamente. Non ten sentido falar, estritamente, de teóricos e prácticos da Educación Social para designar dúas formas de coñecemento e de acción diferenciadas e excluíntes. O que se pretende é que os coñecementos producidos no ámbito teórico e na práctica se retroalimenten no contexto sociocultural no que se producen. Serán estes coñecementos diversos, plurais e multidimensionais os que, de forma acumulativa, ampliarán e farán máis sólido e consistente o corpo académico e profesional da Pedagogía-Educación Social.

No caso galego, o percorrido realizado polos momentos máis destacados da Educación Social reafirmamos na necesidade de xerar espazos compartidos que posibiliten repensar o presente e o futuro da profesión e do marco académico-investigador, nos que a universidade deberá asumir a función social de axente de cambio cara o desenvolvemento profesional, político e cultural do seu propio contorno (Vega e De Oña, 2021). A educación social, como dereito de cidadanía, é fundamental nun mundo que acelera as súas transformacións e encadea diferentes crises, remitindo as súas prácticas a un amplo conxunto de iniciativas e accións educativas que tratan de enfrontar as necesidades

¹² A incorporación dos educadores e educadoras sociais en Galicia nos centros escolares establécese a través de proxectos de colaboración cos servizos sociais municipais ou organizacións sociais e educativas (modelo axente externo), a diferenza doutras Comunidades Autónomas (Andalucía, Estremadura, Baleares, etc.) onde o educador/a incorpórase nas escolas en prazas específicas para o seu perfil profesional.

e problemas na vida cotiá das persoas, desde a infancia ata a súa vellez, mediando ou intervindo positivamente na mellora da convivencia e dos dereitos cidadáns (Caride, 2010). Estes fitos da Pedagogía-Educación Social en Galicia evidencian que o compromiso político, ideolóxico e ético inherente a este campo de coñecemento e práctica profesional resulta imprescindible para acadar unha maior xustiza social e benestar, camiñando cara un traballo conxunto e coordinado entre quen —desde diversos espazos profesionais e académicos— pretenden agrandar o desenvolvemento académico, científico e profesional das educadoras e dos educadores sociais do presente e do futuro.

Bibliografía

- Bocixa, Xosé. (Dir.). “Fitos e feitos da Educación Social en Galicia” [Audiovisual]. CEESG, 2017.
- Caballo, María Belén e Pose, Héctor Manuel. “Pedagogía Social e investigación aplicada. Aproximación a una década de quehacer universitario en Galicia”. *@tic. revista d’innovació educativa*, 44-52 (2012), <https://ojs.uv.es/index.php/attic/article/view/1944>
- Caride, José Antonio. “Las identidades de la Educación Social”. *Cuadernos de Pedagogía*, 321 (2003): 48-51.
- Caride, José Antonio. “El Grado en Educación Social: marco y características generales”. En *Jornades d’estudi i debat. El títol de grau en Educació Social*. 21-23 de junio. Universitat des Illes Balears, 2006.
- Caride, José Antonio. “Educación Social”. En *Diccionario galego de pedagogía*, dirixido por José Antonio Caride e Felipe Trillo, 255-257. Vigo: Editorial Galaxia, 2010.
- Caride, José Antonio. “Un retorno ao pasado científico e académico da Educación Social: a especializade de “intervención socio-educativa” na Universidade de Santiago de Compostela (1979-1996)”. *Galeduso* 12 (2018): 65-71.
- Colexio de Educadores Sociais de Galicia. “Galicia. El Colegio de Educadores Sociales de Galicia”. *RES. Revista de Educación Social*, 1, (2002). <https://eduso.net/res/revista/1/territorios/galicia-el-colegio-de-educadores-sociales-de-galicia>
- Fernández Barreiro, María José. “Presidencia do CEESG 2007-2011”. *Galeduso* 12 (2018): 9-12.
- Fernández de Sanmamed Santos, Alberto. “Presidencia do CEESG 2001-2007”. *Galeduso* 12 (2018): 5-8.

- López Martín, Ramón, Conchell, Raquel e Vilar, Mónica (Coords.). *Hoy es el mañana de la Educación Social*. Barcelona: Octaedro, 2022.
- Maroñas, Andrea. "Escola Galega de Marxinación e Inadaptación Social". *Galeduso* 12 (2018): 62-64.
- Ortega, José. "Educación Social Especializada, concepto y profesión". En Ortega, J. (coord.). *Educación Social Especializada*, 13-41. Barcelona: Ariel, 1999.
- Parcerisa, Artur e Usurriaga, Jordi. "Revisión de proyectos. Diseñando nuevos retos". En *7 retos para la educación social*, coordinado por Anna Forés e Ana María Novella, 67-82. Barcelona: Gedisa, 2012.
- Riveiro Oliveira, Sofía. "Presidencia do CEESG 2011-2014". *Galeduso* 12 (2018): 13-16.
- Sánchez Valverde, Carlos. "Los Colegios Profesionales de educadores sociales: un instrumento al servicio de nuestra profesión". *RES: Revista de Educación Social*, 1 (2002). <https://eduso.net/res/revista/1/articulos/los-colegios-profesionales-de-educadores-sociales-un-instrumento-al-servicio-de-nuestra-profesion>
- Serrano Soto, Mónica. "Presidencia do CEESG 2011-2014". *Galeduso* 12 (2018): 17-20.
- Úcar, Xavier. "Conocimiento, acción e investigación en educación social". *Educació Social. Revista d'Intervenció Socioeducativa*, 80 (2022): 131-153.
- Vega, Cristina e De Oña, José Manuel (2021). "Construir el nuevo perfil de la profesión de la educación social: una propuesta para revisar su formación y sus competencias iniciales". *Educació Social. Revista d'Intervenció Socioeducativa*, 78, (2021): 153-172.
- Villa, Aurelio, coord., 2005. *Libro Blanco del Título de Grado en Pedagogía y Educación Social*. Madrid: Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación.